

CONTRATO ADMINISTRATIVO DA OBRA DENOMINADA AMPLIACIÓN, AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN CON MBQ NUN TRAMOS DO CAMIÑO OS MARTIÑOS-CRUCHE A HEDREIRA.

2ª FASE DO POS ADICIONAL 2/2023

COMPARECEN:

Don Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Curtis, actuando en nome e representación deste,

Don Martín Castiñeira Pérez, con DNI ***7107**, en nome e representación da empresa MANTIDO, SL con CIF B-15819642,

As anteditas persoas actúan no exercicio dos seus cargos, e na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente contrato administrativo.

O secretario-interventor accidental da corporación, Óscar López Figueroa da fe do acto.

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

- Decreto nº 229, do 26/04/2024, polo que se incoa o expediente de contratación
 - Logo da tramitación correspondente, resulta adjudicataria a empresa MANTIDO, SL que depositou o aval nº 10001285032, constituído por importe de 9.641,41, en concepto de fianza definitiva para responder aos conceptos previstos no artigo 110 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Sobre os antecedentes que preceden, as partes proceden a outorgar contrato administrativo de execución de obra pública con base nas seguintes:

CLÁUSULAS:

1. Don Martín Castiñeira Pérez, en representación de MANTIDO, SL, comprométese á execución do contrato da obra denominada "**Ampliación, afirmado e pavimentación con MBQ nun tramo do camiño Os Martiños-Cruce A Hedreira**" nos termos previstos no prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, que se consideran parte integrante do presente contrato, e de acordo coa proposta presentada pola empresa.

2. Establecer como prezo do contrato a cantidade de 234.950,93 € IVE incluído (importe sen IVE: 194.174,32 €)

3. O prazo de execución das obras é de 5 meses, prazo que empezará a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

4. O prazo de garantía é de 1 ano a contar desde a sinatura da acta de recepción.

5. Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que sinala a Administración provincial. Este cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva, sendo responsable o contratista durante este prazo de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións. Transcorrido este prazo o contratista deberá proceder á retirada do cartel á súa costa.

O modelo de cartel está dispoñible no seguinte enlace:

https://www.dacoruna.gal/plans-concellos/?utm_source=MenuGlobal&utm_campaign=MenuCabecera&utm_medium=Web#Modelo+de+carteis+de+obra

6. O presente contrato ten carácter administrativo e ámbalas dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación vixente dos contratos das Administracións Públicas (Lei 9/2017), do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 e disposicións de desenvolvemento) aplicándose, de xeito supletorio, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na LCSP, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar este contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista por mor da súa execución, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Os acordos deste porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.